

FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:

C E R T I F I C O: Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria do día **29 de setembro de 2017**, adoptou, co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o seguinte acordo:

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.-

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 137, do 15 de xuño de 2013) nos termos seguintes:

A) Modifícase o artigo 2.1, engadindo ao parágrafo 2º o texto seguinte: “(...) e/ou servizo de teleasistencia móbil dentro e fóra do seu domicilio”.

B) No artigo 2.3 engádese un novo punto c), co seguinte texto:

c) De axenda: cada persoa usuaria dada de alta no servizo terá asignada unha axenda individual, conforme á que recibirá chamadas de aviso dende a central de atención, relativas a revisións médicas, control de medicamentos, avisos ante situacións que poidan comprometer o seu benestar e outras informacións dispoñibles de importancia para o usuario.

C) Introdúcese un novo punto 4 no artigo 2, co seguinte texto:

Aos efectos desta Ordenanza entenderase que o domicilio é o fogar actual da persoa usuaria do servizo.

D) Modifícase a redacción do apartado 1.c) do artigo 4, quedando redactado do seguinte xeito:

c) Ter unha liña telefónica compatible coas características dos dispositivos de teleasistencia, e ter subministración eléctrica.

E) Modifícase o punto f) do artigo 4.1, quedando redactado como segue:

f) Estar empadroado nun concello da provincia de Ourense de poboación inferior a 20.000 habitantes”.

F) Modifícase o artigo 8, que queda redactado da forma que sigue:

“Artigo 8. Solicitude da persoa usuaria.

1. O procedemento para o acceso ó servizo de teleasistencia no fogar iniciarase a instancia de parte. Os cidadáns que desexen acceder ao servizo poderán solicitalo a través dalgunha das seguintes vías:

a) A través dos servizos sociais do concello onde figure empadroado, coa asistencia do persoal da oficina municipal ou da mancomunidade correspondente, nos casos en que o concello ou mancomunidade estean adheridos ao servizo.

b) Directamente a través da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense.

En todos os casos, a solicitude realizarase electronicamente, tramitándose a través do Rexistro Electrónico da Deputación de Ourense, ao abeiro do establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao atoparse plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos interesados aos medios electrónicos segundo o previsto no parágrafo seguinte.

2. As persoas interesadas e os seus representantes estarán obrigados a relacionarse electronicamente coa Deputación de Ourense exclusivamente para o trámite da solicitude de alta no servizo de teleasistencia no fogar. O resto de actos dos usuarios en procedementos relacionados co servizo poderán realizarse electronicamente ou en papel.

3. A solicitude electrónica poderá levarse a cabo por calquera dos seguintes medios:

a) Pola propia persoa solicitante, ou o seu representante. Para estes efectos, poderá empregarse dos seguintes sistemas de identificación electrónica:

- Mediante o sistema de sinatura electrónica previsto no artigo 9.2.a) da Lei 39/2015 de 1 de outubro.

- Mediante sistemas de identificación que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. A tal efecto, a Presidencia da Deputación establecerá os sistemas concretos admisibles.

b) Por funcionarios dos concellos e mancomunidades adheridos ao servizo ou da Área de Benestar da Deputación de Ourense, autorizados pola persoa interesada para realizar a solicitude no seu nome, ao abeiro do previsto no artigo 4.1 da ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos provinciais. A autorización outorgarase de xeito presencial ante o funcionario correspondente, previa a identificación

do solicitante mediante o seu DNI ou documento equivalente. A autorización incorporárase ao expediente electrónico mediante a súa dixitalización.

4. A solicitude acompañarase obrigatoriamente da seguinte documentación:

- Informe médico, emitido polo médico do servizo público de saúde, ou o que corresponda no caso no que a persoa solicitante sexa beneficiario dunha mutualidade do sistema de clases pasivas, segundo formulario normalizado.

- Copia da tarxeta de asistencia sanitaria,

- Documentación acreditativa da situación da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia da persoa solicitante ante a Xunta de Galicia.

A presentación da solicitude implica a autorización á Deputación para a obtención dos documentos sinalados, agás manifestación expresa en contrario do interesado. A aplicación informática permitirá ao solicitante denegar a autorización á Deputación de Ourense para a consulta dos datos anteriormente indicados.

Os interesados non terán a obriga de achegar esta documentación, agás nos seguintes casos:

a) Cando o propio interesado denegue expresamente a autorización á Deputación para obtela electronicamente ou mediante consulta nas plataformas de intermediación electrónica de datos das administracións públicas. Neste caso, a documentación deberá achegarse coa solicitude polo interesado. O sistema requirirá automaticamente a emenda das deficiencias.

b) Cando non sexa posible materialmente obtela por parte da Deputación, ao non atoparse dispoñible a dita información por parte do resto de administracións públicas. Nestes casos, a Deputación requirirá aos interesados, por escrito, a documentación necesaria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles para o efecto.

G) Dáse nova redacción ao artigo 9, que queda redactado do seguinte xeito:

Unha vez recibida a solicitude, a Deputación de Ourense solicitará dos servizos sociais do concello onde estea empadroado o solicitante a emisión de informe relativo aos datos relevantes para a valoración da solicitude conforme ao baremo socio -sanitario recollido no anexo da presente Ordenanza. O informe deberá emitirse en formato normalizado, no prazo de dez días hábiles. Transcorrido o dito prazo sen que se teña

achegado o documento, o informe social será elaborado polos propios servizos da Deputación, continuándose o procedemento coa valoración da solicitude regulada no artigo seguinte.

Cando o interesado realice a solicitude a través dos servizos sociais municipais, o informe deberá achegarse coa solicitude.

H) Modifícase o parágrafo 2º do artigo 10.4, que queda redactado da forma que sigue:

A resolución da Presidencia non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

I) Incorpórase un novo artigo 10 bis, co seguinte contido:

Artigo 10 bis - Ficha Electrónica Única de Teleasistencia.

A situación de alta determinará a creación da ficha electrónica única do usuario do servizo, consistindo nun documento electrónico que recollerá toda a información relevante do usuario para a prestación do servizo, que será obxecto de actualización permanente.

A ficha electrónica única será accesible para os servizos sociais de referencia de cada persoa usuaria, sexan os municipais do seu concello ou mancomunidade, cando estes se topen adheridos ao servizo, ou a Área de Benestar da Deputación no resto de casos en que así proceda. Nos supostos de traslado de domicilio do usuario a Área de Benestar realizará automaticamente o traslado da ficha electrónica, que pasará a ser accesible polos servizos sociais do novo municipio de residencia deixando de estar accesible para os do municipio de procedencia.

A ficha electrónica poderá ser consultada electronicamente polo usuario.

Serán de aplicación á ficha electrónica as normas de protección establecidas na lexislación de protección de datos.

K) Dáse nova redacción ao artigo 12, da forma que segue:

Artigo 12. Suspensión Temporal do Servizo.

1. A prestación do servizo poderá suspenderse temporalmente nos casos seguintes:

a) Cando a persoa usuaria se ausente do seu domicilio de forma continuada durante

un tempo superior a un mes.

b) Cando a persoa usuaria perda, temporalmente, algún dos requisitos de acceso ó servizo de teleasistencia por tempo superior a un mes.

Estas situacións deberán comunicarse á Deputación Provincial de Ourense, e darán lugar á suspensión temporal do servizo de teleasistencia no fogar por un prazo máximo de tres meses; no caso de superarse este prazo, extinguirase o servizo. Excepcionalmente, baixo petición motivada dos servizos sociais de referencia do usuario, poderá prorrogarse esta suspensión tres meses máis, ata un máximo total de seis meses.

A suspensión levantarase unha vez se comunique á Deputación a finalización da causa da situación de suspensión temporal.

Tanto a declaración de suspensión temporal como o seu levantamento se establecerán mensualmente por resolución da Presidencia. A suspensión e o seu levantamento serán efectivos o primeiro día natural do mes seguinte ao da resolución.

L) Modifícase o artigo 13, quedando redactado do modo seguinte:

Artigo 13. Extinción da prestación do servizo.

1. A extinción da prestación do servizo producirase nos seguintes supostos:

a) Por defunción da persoa usuaria.

b) Por petición expresa da persoa usuaria.

c) Pola perda, por tempo superior a tres meses, ou de seis meses naqueles casos de prórroga excepcional da suspensión, dalgún dos requisitos para poder obter a consideración de usuario/a do servizo.

d) Por inadecuado uso do servizo.

e) Por inadecuada manipulación ou incorrecta conservación do equipo individual asignado.

f) Por ingreso nun centro residencial.

g) Por ausencia do domicilio por tempo superior a un mes sen que conste comunicación de tal circunstancia.

h) Por traslado de domicilio a outro concello sen que se teña comunicado o cambio de domicilio

i) Por incumprimento dalgunha das obrigas previstas para as persoas usuarias e

recollidas no artigo 14 desta ordenanza .

k) Por vencemento do prazo máximo de suspensión temporal concedida sen que conste comunicación da conclusión das circunstancias que provocaron a dita suspensión temporal.

l) Por non ser posible a instalación do dispositivo móbil de teleasistencia nun prazo máximo de dous meses a usuarios/as con resolución de alta por causas unicamente imputables a persoa usuaria.

ll) Por constar que a persoa titular do servizo non conserva as condicións físicas, psíquicas e/ou sensoriais que se precisan para ser titular do servizo.

2. A Deputación de Ourense, directamente, a través dos informes dos servizos sociais de referencia, ou a través dos seguimentos periódicos realizado pola entidade que preste o servizo, efectuará comprobacións e revisións da situación das persoas usuarias da prestación do servizo. Se, como consecuencia de tales comprobacións se deduce que as persoas usuarias incorren nalgunha das causas de extinción do servizo, procederase á súa declaración de oficio.

3. A extinción acordarase a pedimento da persoa usuaria no suposto previsto no apartado b), e de oficio no resto dos casos.

4. A solicitude de extinción poderá presentarse d forma electrónica ou en papel polo usuario, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

5. Agás nos supostos recollidos no apartado a), a extinción de oficio da prestación do servizo esixirá a tramitación previa de expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada.

6. Cando se produza a extinción do servizo do usuario directo, os demais usuarios que convivan no mesmo domicilio causarán tamén baixa, agás naqueles casos en que existe un co-usuario directo. Neste suposto, previa solicitude do usuario e informe dos servizos sociais de referencia, autorizarase que o co-titular pase a ser titular sempre que cumpra as condicións para isto.

7. A declaración de baixa será establecida mensualmente a través de resolución da Presidencia. As baixas serán efectivas o primeiro día natural do mes seguinte ao da resolución.

LL) Incorpórase un novo artigo 13 bis, co seguinte contido:

Artigo 13 bis. Procedemento de cambio de domicilio.

O usuario poderá comunicar o cambio de domicilio a outro municipio da provincia de Ourense de poboación menor de 20.000 habitantes.

Recibida a comunicación, a Deputación dará traslado da ficha electrónica única do usuario aos novos servizos sociais de referencia, que serán os do novo municipio de residencia, sempre que o concello ou mancomunidade correspondente estean adheridos ao servizo ou, no seu defecto, a Area de Benestar da Deputación.

M) Engádese un apartado i) ao artigo 14, co seguinte texto:

i) Facilitar á entidade que preste o servizo os datos de localización de, cando menos, unha persoa de referencia que teña que teña chaves da súa vivenda para situación de urxencia que aconsellen o seu uso.

N) Dáse nova redacción ao artigo 15, quedando redactado como segue:

Artigo 15. Adhesión dos concellos e mancomunidades ao servizo.

1. Os concellos e mancomunidades interesados en participar no servizo de teleasistencia da Deputación comunicarán a súa adhesión á Deputación de Ourense, mediante resolución da alcaldía ou presidencia (ou órgano delegado, de se-lo caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos na presente ordenanza. A Deputación de Ourense facilitará na súa sede electrónica un modelo normalizado para a adhesión, que deberá presentarse en documento electrónico ante o Rexistro electrónico da Deputación. A adhesión entenderase automaticamente concedida pola mera presentación do documento electrónico normalizado de adhesión.

Aos concellos e mancomunidades adheridos se lles facilitará unha clave de acceso á plataforma informática de teleasistencia para a xestión do servizo.

Ñ) Engádese un apartado g) ao artigo 16, co seguinte contido:

g) Realizar os informes sociais de seguimento que solicite a Deputación de Ourense no que se fará constar si os usuarios do servizo seguen cumprindo os requisitos do seu recoñecemento inicial como persoas usuarias. Estes informes serán emitidos, como mínimo, de forma anual.

O) Suprímese o contido das disposicións transitorias da actual ordenanza, e

incorpórase unha nova disposición transitoria única co contido seguinte:

Disposición Transitoria

Os concellos e mancomunidades que na data de entrada en vigor da presente ordenanza xa estivesen adheridos ao servizo de teleasistencia domiciliaria terán un prazo dun mes para ratificar a súa adhesión, mediante documento electrónico normalizado que estará dispoñible na sede electrónica.

No caso de que non ratifiquen a súa adhesión en prazo, entenderase que desisten da súa anterior adhesión.

2º) Someter a información pública e audiencia dos interesados o texto inicialmente aprobado, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia da Deputación Provincial, durante o prazo de trinta días hábiles. Durante o dito prazo, as persoas e entidades interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, que serán obxecto de resolución expresa por parte do Pleno da Deputación. En caso de non formularse alegacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, deberá procederse á publicación do seu texto íntegro e consolidado no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia da Deputación.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o vinte e nove de setembro de dous mil dezasete.

V. e pr.

O PRESIDENTE,